A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 11 de agosto de 2017, adoptou o seguinte acordo:

**27 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTE EN FUNCIÓNS RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO "OBRA DE REFORMA DA CUBERTA E MELLORA DA INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN DO PAVILLÓN DE MONTE DOS POSTES".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Deporte en funcións, de data 1 de agosto de 2017, así como do informe de Intervención nº 619/2017, de data 8.agosto.2017, da interventora municipal.

Na devandita proposta indícase o seguinte:

"**Jorge Duarte Vázquez,** concelleiro delegado de deporte en funcións, e presidente da mesa de contratación da licitación "*Obra de reforma da cuberta e mellora da instalación de iluminación do Pavillón de Monte dos Postes*", consonte os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

**EXPÓN:**

Primeiro: Con data 20 de xullo de 2017, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador CYS HISPANIA SL.

Segundo: Con data 1 de agosto, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa EICROS GESTION SL, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **CYS HISPANIA SL** (CIF: B74282781), por un importe de **120.036,99 euros** (IVE aparte 21%: 25.207,77 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal director- responsable do contrato a D. Diego Briega Argomániz, arquitecto do servizo de obras e proxectos.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **090 34200 63200**."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa EICROS GESTION SL, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa CYS HISPANIA SL (CIF: B74282781), por un importe de 120.036,99

euros (IVE aparte 21%: 25.207,77 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal director- responsable do contrato a D. Diego Briega Argomániz, arquitecto do servizo de obras e proxectos.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 090 34200 63200.

O CONCELLEIRO SECRETARIO SUPLENTE SEGUNDO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

SECRETARÍA CONCELLO DE SANTIAGO

Asdo: Jorge Carlos Duarte Vázquez